

## **ANUNCIO DA EXPOSICIÓN PÚBLICA DOS PADRÓNS FISCAIS – 2021**

### **IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBANOS, RÚSTICOS E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAIS**

### **IMPOSTO SOBRE ACTIVIDADES ECONÓMICAS**

A Presidencia da Deputación aprobou os padróns fiscais dos seguintes impostos dos concellos que delegaron a xestión tributaria e recadatoria:

- Imposto sobre actividades económicas (resolución núm. 30.193, de 19 de xullo de 2021).
- Imposto sobre bens inmobles urbanos (resolucións núm. 30.395, de 20 de xullo de 2021 e 31.092, de 26 de xullo de 2021).
- Imposto sobre bens inmobles rústicos (resolución núm. 28.812, de 05 de xullo de 2021 e 31.092, de 26 de xullo de 2021).
- Imposto sobre bens inmobles de características especiais (resolución núm. 25.625, de 11 de xuño de 2021).

De conformidade co disposto no artigo 7 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, os concellos que delegaron a xestión tributaria e recadatoria dos devanditos impostos na Deputación son: Abegondo, Ames, Aranga, Ares, Arteixo, Arzúa, A Baña, Bergondo, Betanzos, Boimorto, Boqueixón, Brión, Cabana de Bergantiños, Cabanas, Camariñas, Cambre, A Capela, Cariño, Carnota, Carral, Cedeira, Cee, Cerceda, Cerdido, Coirós, Corcubión, Coristanco, Culleredo, Curtis, Dodro, Dumbría, Fene, Fisterra, Frades, Irixoa, A Laracha, Laxe, Lousame, Malpica de Bergantiños, Mañón, Mazaricos, Melide, Mesía, Miño, Moeche, Monfero, Muros, Muxía, Narón, Neda, Negreira, Ordes, Oroso, Ortigueira, Outes, Oza - Cesuras, Paderne, Padrón, O Pino, Ponteceso, Pontedeume, Porto do Son, Ribeira, Rois, Sada, San Sadurniño, Santa Comba, Santiso, Sobrado, As Somozas, Teo, Toques, Tordoia, Touro, Trazo, Val do Dubra, Valdoviño, Vedra, Vilarmair, Vilasantar, Vimianzo e Zas.

### **Período e lugar de exposición**

Os padróns fiscais quedarán expostos ao público na Deputación Provincial (rúa Archer Milton Huntington, 17, 15011 A Coruña), onde poderán ser examinados polos interesados, dende o día **01 ata o 30 de setembro de 2021**, ambos os dous incluídos.

Tendo en conta a actual crise sanitaria, as consultas faranse a través do correo electrónico [atención.tributaria@dacoruna.gal](mailto:atención.tributaria@dacoruna.gal) ou chamando ao teléfono 900 132 204.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva segundo o disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

### **Recursos**

Contra as liquidacións que conteñen os padróns fiscais os interesados poderán formular ante o Presidente da Deputación o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, **no prazo dun mes**, que se contará dende o día seguinte ao da finalización de exposición pública dos padróns fiscais. Tamén poderán utilizar calquera outro que consideren oportuno.

O presidente en funcións

Xosé Regueira Varela

A secretaria accidental

Amparo Taboada Gil